

XOGANDO COA POESÍA

“ A poesía que non nos ensine algo -o que sexa- non é poesía”

(Manuel María)

Manuel María, o escritor chairego nacido en Outeiro de Rei en 1929 e finado na Coruña en 2004, é este ano 2016 homenaxeado no Día das Letras Galegas. Para facermos unha achega á súa obra desde un punto de vista pedagóxico e didáctico centrado no ensino infantil e primario, contamos neste caso cunha ferramenta privilexiada: a poesía que Manuel María pensou para os cativos e as cativas.

En 1972 apareceu publicado *Os soños na gaiola*. Segundo aparece na inicial “Carta aos nenos” que serve de prólogo ao volume, estamos ante un poemario dedicado especialmente aos pequenos labregos, xa que nel se recollen as lembranzas da nenez do autor, lembranzas e retrato do mundo rural que é sempre positivo, sen fisuras. O ritmo está tamén pensado para o público ao que vai dirixido o poemario posto que todos os metros reproducen a estrutura das cancións tipicamente infantís, favorecendo a repetición e a memorización. N’ *Os soños na gaiola* podemos detectar un eixo temático común a moita da obra do autor que nos ocupa, que é o da intencionalidade de participar na creación dunha literatura galega normalizada. É de destacar tamén a mensaxe que subxace baixo unha poesía inocente pero non pueril: hai esperanza para o noso país, o futuro sempre será mellor que o que levamos deixado atrás a forza de soñar con saír da gaiola...

Sete anos máis tarde, en 1979, dá Manuel ao prelo *As rúas do vento ceibe*. Desta volta confesa que vai atender máis aos que el chama ‘nenos de cidade’. Está clara, de calquera xeito, a preferencia do autor, posto que en moitos destes poemas a visión sobre a vida vilega é amarga e dura en contraste coa vida, sempre sá e ideal, da aldea. Por outro lado, agora non agocha o noso autor a súa pretensión didáctica: xa non hai ditadura, polo que pode exclamar sen temor que o que busca é que os pequenos e pequenas aprendan a ‘amar a nosa patria, Galiza’. Para isto emprega dúas vías: a louvanza de todo aquilo que constitúe a nosa idiosincrasia tipicamente galega e a posta en valor de precedentes históricos gloriosos e admirábeis.

Partindo, logo, destes poemarios infantís pretendemos con este traballo facilitar o achegamento a Manuel María a través de actividades enfocadas ao público a quen o autor os dirixiu. E todo isto dun xeito lúdico, divertido e desde un contacto coa poesía relaxado e entretido. Non buscamos, pois, a elaboración de fichas ou tarefas que supoñan unha carga

ou un esforzo adicional para o alumnado senón unha interacción dinámica coa obra de Manuel María que contribúa ao seu coñecemento e difusión.

A poesía está presente na vida dos nenos e nenas desde moi pequenos a través do folclore e en forma de xogos, trabalinguas, refráns, retesías, adiviñas, nanas...e eles séntense especialmente atraídos por todo aquilo que implique ritmo, son, rima... Por iso pensamos que calquera poema, máis aínda estes de Manuel María tan achegados á realidade do noso país e das nosas tradicións, se pode traballar desde o ámbito escolar ou familiar, en grupo ou en parellas.

A través das diferentes propostas de actividades e das situacións comunicativas que aquí propoñemos pódese contribuír, directa ou indirectamente, ao desenvolvemento de distintas competencias básicas. Evidentemente, a máis directamente traballada é aquela que ten a ver coa competencia lingüística en galego en todas as súas dimensións (emotiva, expresiva, imaxinativa, artística...), pero tamén nos interesa todo o que se relaciona co coñecemento do medio físico, social e cultural próximo (animais, plantas, tradicións, oficios,...) que tanta presenza ten nos poemas de Manuel María. Pretendemos empregar, pois, a lingua como un instrumento máis de xogo e de gozo, de creación e recreación que ao mesmo tempo poida achegarnos a unha realidade e a un vocabulario próximo pero se cadra descoñecido por moitos. O obxectivo final é o de coñecer ao poeta que tanto pensou nos nenos e nenas de Galiza e ao que este ano se lle adica o Día das Letras Galegas: Manuel María.

Os poemas que a continuación propomos para o seu traballo na aula teñen, ademais do nexo común de pertenceren ben a *Os soños na gaiola* ben a *As rúas do vento ceibe*, o feito de estaren todos musicados, o cal proporciona un outro instrumento para o docente á hora de intruducilo co alumnado. De calquera xeito, é importante aclarar que as actividades aquí presentadas tan só pretenden mostrar algunha das posibilidades de traballo coa poesía do autor homenaxeado este 17 de maio de 2016. Evidentemente, dependendo da idade do alumnado así como doutras moitas variábeis (contidos curriculares, contexto sociocultural...), poden xurdir outras moitas e variadas.

O SEMÁFORO

O semáforo

é un couso

medio garda,

medio guía,

medio monstro,

medio espía.

O semáforo

é un ollo

matemático

inflexíbel,

inhumano,

case terríbel.

O semáforo

é unha flor

ateigada

de ledicia,

traspasada

de color.

Os sinais

do semáforo:
verde-chumbo
e vermellón
ditan leis
ao peatón,
ao turismo
e ao camiión.

O semáforo
é unha luz,
unha acesa
claridade
que ilumina
docemente
a tristura
da cidade!

Etapa: primaria

Contidos curriculares relacionados:

- aparellos e máquinas sinxelas da contorna e a súa utilidade.
- o traballo cooperativo.
- elementos viarios e da rúa.
- os sinais de tráfico necesarios para camiñar pola rúa correctamente: cores dos semáforos, pasos de peóns...

Actividades:



LECTURA E CONVERSA SOBRE O POEMA:

Para familiarizar o alumnado co poema, primeiro debemos lelo ou escoitar a canción (na orde que prefiramos ou que pensemos que resulte máis motivadora). Despois podemos iniciar unha conversa arredor do poema para asegurarnos de que o entenden, que pode estar incentivada con preguntas como as seguintes:

- Por que dirá Manuel María que o semáforo é medio garda, medio guía?
- E porque di que é un ollo? E un espía?
- A quen se di no poema que dita leis o semáforo? E por que?
- Alguén sabería dicir por que se di que ilumina docemente a tristura da cidade?
- Que elementos das cidades vos parecen bonitos?
- A quen lle escribiriades vós un poema?
- Se vos fixades, Manuel María neste poema, primeiro describe como é o semáforo, chámalo guía, garda, espía, monstro, ollo e tamén describe as súas funcións. Poderíamos facer nós algo parecido con outro elemento da cidade?

2. XOGAMOS COS ELEMENTOS DA CIDADE

Os/as nenos/as terían que enumerar elementos da paisaxe urbana (pasos de peóns, coches, camións, buses, papeleiras, bancos, os edificios....) e, nun exercicio de ximnasia mental e imaxinativa, terían que lles atribuír cualidades, comparalos con outros obxectos e personificalos poñéndolles nomes e razoando ao mesmo tempo estas decisións. Por exemplo: o paso de peóns é como un xogo, é unha mariola porque os peóns poderían xogar a saltala, a papeleira parece unha canastra porque podemos xogar a encestar nela o lixo....

Estes exercicios axudan os nenos/as a establecer comparacións, buscar adxectivos adecuados, exercitar a imaxinación... Podemos facilitarlles este traballo empezando frases que eles terán que rematar, por exemplo:

- as farolas son longas como.....
- as papeleiras parecen.....

- as papeleiras serven.....
- as fontes son como.....

Tamén podemos nós darlles unha nube de adxectivos para que eles asocien a cada elemento, por exemplo:

rápido grande
perigoso
ruidoso veloz
escandaloso

fresca ruidosa
refrescante mollada
transparente

brillante
alta dura
clara vixiante
ríxida
estirada
luminosa

Podemos seguir xogando coa imaxinación e co léxico: que nome lle poñeríamos a unha farola? Clara, Branca, por exemplo, e por que? Porque dan luz, son claras, iluminan...

Se fosen persoas, cal sería o seu oficio, o seu traballo? O semáforo, un garda de tráfico; a papeleira, unha señora da limpeza; o coche, un repartidor...

Neste tipo de xogos os nenos e nenas poden sorprendernos á vez que poden aprender e practicar o léxico urbano en galego.

3. IMITAR POEMAS

Imita o poema proposto.

De xeito individual, por parellas ou en grupo podemos propor esta actividade que consiste en crear un poema similar pero cambiando o semáforo por outro obxecto presente na rúa, como por exemplo a farola. A estrutura sería a mesma:

O/A ----- é un/unha----- (farola/ cousa)

Medio----- medio..... (lámpada/ vela)

medio----- (lúa)

medio----- (estrela)

A ----- (farola)

4. FACER RIMAS

Partindo do traballo anterior podemos probar con algo que lles soe gustar moito: facer rimas. Para isto trataríamos de facer xogos de buscar palabras que rematen igual:

farola rima con -----

semáforo rima con -----

papeleira rima con-----

xardín rima con-----

paso de peóns rima con-----

SEÑOR GATO

Señor Gato,
atención,
no rincón
hai un burato;
no burato
está o rato
caladiño,
acochadiño,
sen falar
nin respirar.

Señor Gato,
pon sentido,
que metido no burato
está o rato.

Señor Gato,
está o rato
no burato
do rincón:
ten nun puño
o corazón!

Eu non dudo,
Señor Gato
bigotudo,
que está o rato
no burato.
Ten as unllas
afiadas,
cravuñadas,
preparadas:
bule axiña,
que, se non,
Señor Gato
bigotón,
do burato
foxe o rato!

Etapas: infantil

Contidos curriculares relacionados:

- animais domésticos

Actividades:

1. PICTOGRAMAS DO POEMA

Partindo da lectura do poema con pictogramas, aprendelo e repetilo facendo unha dramatización do mesmo insistindo nas emocións que transmite: curiosidade, medo, sorpresa...

2. XOGOS CO PROTAGONISTA

Podemos cambiar o personaxe do poema por outro (animal, persoa...) Como quedaría?

Señor León, atención

no rincón hai un ...

3. ELABORACIÓN DUN CONTO

Trátase aquí de facer un conto entre todos partindo, por exemplo, de:

'Había unha vez un gato...'

Facer un debuxo para ilustrar o poema ou facer unha secuencia de viñetas para ordenalas.

4. RECITADO

Habería que xogar coa voz recitando o poema con distintos tons: silencioso, asustado, apresurado, en ton de advertencia, pedindo axuda, suplicando....

Tamén podemos xogar a cantar o poema poñéndolle distintas músicas e probar como soa cantándoo coa melodía de cancións coñecidas para despois finalmente poñerlle a versión musicada.

Como remate, podemos facer unha gravación cos nenos e nenas (vídeo musical ou poema recitado) no que cada un teña que aprender un verso e despois montariámoslos todos seguidos.

O SOL

O sol chámase Lourenzo
e é un señor moi finchado
que está no alto do ceo
todo o día relumbrando.

Vai vestido de marelo,
leva chaleque encarnado.
Moi seguro de si mesmo
o seu calor nos vai dando.

O sol chámase Lourenzo
e é un señor moi sinalado.
Se non fose polo sol
estaría o mundo xeado!

Só o sol manda no ceo,
moi solemne, moi barbado.
As súas barbas son os raios
con que nos vai alumando!

Etapa: infantil

Contidos curriculares relacionados:

- os elementos que aparecen no ceo e a importancia que o Sol ten para a vida.

- o tempo meteorolóxico, as estacións, o ceo
- Sistema solar: o Sol e os planetas

Actividades:



LECTURA DO POEMA

Comezariamos comprobando o seu nivel de comprensión lectora a través de preguntas tipo:

Como se chama o sol?

Como vai vestido?

Que leva posto?

Que significa finchado?

Onde vive o sol ?

Ou tamén podemos ir máis alá da comprensión lectora para, partindo do poema, intentar fomentar o razoamento lóxico, a imaxinación, o pensamento crítico, creativo e diverxente. En función da idade dos/as nenos/as as preguntas poden ser máis ou menos complexas.

Para que serve o sol?

Por que é necesario?

Cando hai máis sol, en que estacións do ano?

Quenta o sol igual en todos os sitios?

Que roupa poñemos cando sae o sol? Por que?

Que pasaría se non houbese sol?

2. FACEMOS O SEÑOR SOL

Esta actividade consistiría en facer o sol baseándose na descrición que del fai o autor no poema. En función da idade dos nenos (3, 4, 5 ou 6) poderíanse traballar distintas técnicas (collage, plastilina, pintura de dedos, cores, mural grande...). Cos máis pequenos podemos partir dunha plantilla cun sol debuxado para que eles o coloreen ou fagan un collage con materiais de refugallo (anacos de papel amarelo, fíos ou tiras de papel para os raios...). Cos maiores podemos suxerir que eles imaxinen o Señor Sol e o debuxen.

Pódese propoñer que busquen refráns, ditos populares, historias ou lendas que teñan como protagonista o sol.

A LÚA

A señora Lúa
inda está solteira.

A señora Lúa,
a Lúa Lueira!

A Lúa lueira,
a señora Lúa,
ten gana de troula
e quer ir de rúa!

E quer ir de rúa,
de troula ir quería,
que sente morriña
e melancolía!

A señora Lúa,
a Lúa rueira,
como anda de noite
sempre está tristeira.

Sempre con tristura

e melancolía,
que anda pola noite
e dorme de día.

Que a señora Lúa
co sol quer casar,
e ándao buscando
sen podelo achar!

A señora Lúa,
a Lúa tristeira:
se non dá co Sol
quedaré solteira!

Etapa: infantil e 1º ciclo de primaria

Contidos curriculares relacionados:

- a Lúa como satélite da Terra
- o cambio entre o día e a noite e as estacións do ano como consecuencia dos movementos terrestres.
- o planeta Terra e a Lúa. Características.
- a translación da Lúa identificando e nomeando as fases lunares.

Actividades:



LECTURA DO POEMA

Hai que ler o poema entre todos e falar sobre o mesmo facéndolles preguntas que, ademais de axudar os nenos a comprender, os invite a imaxinar a Lúa personificada:

- Como vos imaxinades a señora Lúa? Triste? Alegre? Divertida?
- Por que a imaxinades así?
- Que lle gusta moito a Lúa?
- Que quere facer? Con quen quere casar?
- Se a Lúa fose unha persoa, como sería? Alta, baixa, gordiña,

2. XOGOS COAS PALABRAS

Deben aprender e practicar con vocabulario do poema : lúa, solteira, troula, rúa, morriña, melancolía, tristeira, casar...

Podemos facer rimas para traballar o vocabulario

Lúa rima con.....(rúa, púa, túa...)

morriña rima con (boíña, soiña, lentiña...)

casar rima con.....(bailar, marchar, cantar...)

3. DEBUXAMOS O POEMA

Neste caso, poderíamos facer debuxos de lúas baseándonos no que di o poema. Que cada neno debuxe ou faga un collage da súa particular Lúa. Despois poderíamos facer un mural con todas as señoras lúas.

4. MUSICALIZAR O POEMA

Este poema préstase para facer unha versión rapeada do mesmo. Esta é unha actividade que non conleva moita dificultade e que se pode adaptar en función da idade dos/as nenos/as e o resultado pode ser moi interesante.

Pódese facer un rap no que cada neno diga un verso ou dous do poema dándolle a súa particular entoación e ritmo ou pódese facer conxuntamente. Unha boa opción para traballar conxuntamente con mestres/as de música e de educación física.

Tamén podemos escoitar a versión cantada que fai del Suso Vaamonde como exemplo de musicalización dun poema.

5. EN FAMILIA

Pódese propoñer que busquen refráns, ditos populares, historias ou lendas que teñan como protagonista a Lúa.

Nota: Os poemas da Lúa e o Sol poderían mesmamente traballarse de forma separada pero facer que conflúan nunha actividade conxunta. Por exemplo, unha clase podería traballar o poema do sr. Sol e outra clase o da sra. Lúa. Ao final poderían facer unha dramatización como actividade conxunta ou un mural conxunto de lúas emparelladas con soles...etc

Tamén poderíamos propoñer un traballo de investigación sinxelo no que recollan información sobre a influencia da lúa nos nosos costumes, nas tradicións populares e no entorno.

O ARCO DA VELLA

O arco da vella
no ceo subido
co seu colorín,
co seu colorido.

O arco da vella
con sete cores
que teñen, no ceo,
beleza de flores.

O arco da vella
no ceo chantado
co seu colorín,
co seu colorado.

O arco da vella
é un arco triunfal
con sete guerreiros
que a ninguén fan mal.

O arco da vella
de luz feito é.
Resulta un milagre

que siga de pé!

Etapa: primaria

Contidos curriculares relacionados:

- O clima. Elementos e factores climáticos.
- Fenómenos atmosféricos. As nubes e as precipitacións.
- A paisaxe: elementos que o forman, tipos de paisaxes.

Actividades:



LECTURA DO POEMA

Podemos primeiro lelo e logo escoitar a versión musicada.



TORMENTA DE PREGUNTAS

O poema dispara a nosa curiosidade.

- Por que se chamará arco da vella? Aquí podemos contar as lendas que hai ao respecto para chamarlle arco da vella.
- Como se forma o arco da vella?
- Cando aparece?
- Cando desaparece?
- É sempre igual ?
- Ten sempre a mesma forma?



CREAMOS VERSOS DE CORES


Primeiro podemos facer unha actividade creando rimas coas cores do arco da vella. Por exemplo:

- Vermello rima con espello, esguello, destello
- Azul rima con tul
- Amarelo rima con velo, botelo, caramelo

Despois intentaríamos que inventasen unha estrofa para cada cor dándolle previamente a estrutura se é preciso, como por exemplo:

De cor laranxa
 está pintada
 a miña granxa

Cada neno pode elixir unha cor e facer unha estrofa. Despois podemos xuntalas todas e facer un poema "arco da vella" con estrofas de cores.



4. EN FAMILIA

Podemos suxeririlles que pregunten nas súas casas se coñecen refráns, ditos populares, lendas, contos ou cancións que teñan que ver co arco da vella

- Arco da vella, auga na terra.
- Arco da vella, nin chove nin neva
- Arco da vella ao anoitecer, bo tempo ao amañecer.
- Arco da vella ao levante, anda cos bois para adiante.

- Arco da vella ao mediodía, chuvia para todo o día.
- Arco da vella ao poñente, antepón os bois e vente.
- Arco da vella ao poñente, ceiba os bois e vente.
- Arco da vella,/ vaite de aí,/ que as mozas de agora/ non son para ti.
- Arco da vella,/ vaite de aí, /que as nenas bonitas /non son para ti.

O SOÑADOR

Quixera ser muiñeiro
pra me enfoular de fariña.
Levaría branca a pucha,
non cobraría a maquía!

Eu quixera ser ferreiro
pra forxar o ferro roxo.
Con un martelo na man
petaría ao meu antoxo!

Quixera ser mariñeiro,
mariñeiro e pescador:
tería un barco veleiro
e unha dorna con motor!

Quixera ser fogueteiro
e, nas festas patronais,
tirar foguetes, foguetes
De estalos fenomenais...!

E se eu fose canteiro
faría un pazo sen igual:

o pombal había de ser
o salón máis principal!

Mais son un pobre gaiteiro,
mais son un gaiteiro pobre!
Quéimame o sol no agosto;
móllame a choiva, se chove!

Un pobre gaiteiro eu son,
pequeniño e soñador.
Teño por mestre de música
ao melro máis silbador!

Etapas: infantil e 1º ciclo de primaria

Contidos curriculares relacionados:

- os oficios das persoas do seu contorno e a importancia de cada profesión, a contribución social.
- oficios en función dos materiais, das ferramentas e das máquinas que empregan.

Actividades:

1. O POEMA VIAXEIRO

Esta actividade consiste en trasladar a casa un libro no que cada familia terá que inventar unha estrofa e ilustrala do xeito que queira (idea: darlle unha plantilla co debuxo) con estrutura análoga á do poema de Manuel María pero poñendo un oficio novo. Pódese suxerir oficios xa perdidos ou descoñecidos polos/as nenos/as para que tamén se faga un traballo de información na casa ou dean pé a traballalos na escola.



nenos/as para
ou dean pé a

Exemplo:

Eu quixera ser leiteiro

E as vacas ordeñar

E os nenos da miña vila

Con leite rico alimentar

2. DRAMATIZACIÓN DO POEMA:

Enlazando coa actividade anterior ou de xeito independente, cada neno/a podería memorizar a súa estrofa e xestualizala para despois facer un poema conxunto con toda a clase que se podería incluso gravar en vídeo ou cantar para finalizar coas dúas estrofas do poema modificadas e adicadas a Manuel María

Mais son un pobre poeta,

mais son un poeta pobre!

Quéimame o sol no agosto;

Móllame a choiva, se chove!

Un pobre poeta eu son,

pequeniño e soñador.

Teño por mestre de música

ao melro máis silbador!

O LUME NOVO

Hoxe é o lume novo,
noite de San Xoán.

As **ledas** fogueiras
acesas están...!

Que gusto, rapaces,
saltar as fogueiras,
dar **brincos**, rebrincos
e **pinchacarneiras!**

Que gusto, rapaces,
correr e saltar,
dar brincos e **pulos**,
volver a brincar!

Que gusto, que ben
saltar as fogueiras
coas chamas subindo,
medrando lixeiras!

Á mañá, o **borrallo**
terase apagado...

E sobre el, amodo,
pasará o **gado**...!

Pasará o gado
tripando o borrallo
pra que non pille
o mal do **meigallo**!

Etapas: primaria

Contidos curriculares relacionados:

- manifestacións culturais da contorna.
- festas propias do outono, do inverno, da primavera e do verán que se celebran na contorna escolar e contribución á súa conservación.
- festas, costumes, folclore propias da escola, da cidade, do país... así como algunha obra que sexa moi representativa na contorna próxima.
- os movementos da Terra e a Lúa e as súas consecuencias: as estacións do ano.
- tradicións, estacións do ano, solsticio, movementos da terra, o sol...

Actividades:

1. O LUME NOVO

Con esta actividade trataríase de que, partindo do poema e da comprensión do mesmo, establecésemos unha conexión coas tradicións do noso entorno próximo para ir mediante a conversa ou actividades cara a un maior coñecemento e entendemento das mesmas.

Algunhas cuestións que nos poderían guiar serían:

- Alguén sabe o que é o lume novo ou a noite de San Xoán? Participou alguén nesta celebración?
- En que consiste? Como se celebra?
- Cando se celebra? Por que?

- Que é para eles un meigallo? E unha meiga? Tiñan o mesmo significado que o que ten agora?

- Que outras tradicións están relacionadas con esta? Facer sardiñas, recollida de herbas, purificarse en auga....

2. A DESCUBRIR ESTRAÑOS!

Podemos motivar os rapaces contándolles que en todo o que lemos podemos atopar palabras estrañas que, ao igual que as persoas, deixan de selo cando as coñecemos, sabemos o que significan e nos familiarizamos con elas. As palabras en negriña poderían ser algunhas destas. Poderíamos facer varios xogos con elas:

- Intuír o seu significado (ver se algún neno/a adiviña o que significan)
- Substituílas por outras que veñan a dicir o mesmo (cacharela, lumeirada, cachelas,...)
- Facer outras frases con esas palabras
- Buscar palabras da mesma familia (leda-ledicia, meigallo-meiga, gado-ganderia-gandeiro...)

3. EN FAMILIA

Esta actividade trataría de trasladar a inquietude por saber e indagar máis sobre o San Xoan ás familias. Podemos propoñer ao alumnado que pregunten a seus pais, nais, avós e avoas sobre historias ou lendas, cancións ou ditos relaciondos co San Xoán, xa que logo as poderán contar na clase aos seus compañeiros/as. Isto pode axudar a enriquecer a visión actual que temos de moitas das festas e tradicións cunha perspectiva máis antiga e descoñecida para os nenos, pero que supón a orixe e que é importante coñecer.

A crenza nas meigas e nos meigallos, tan arraigada no pasado e na nosa cultura pode non ser entendida polos nenos a día de hoxe que teñen, posibelmente, unha visión máis televisiva e narrativa do tema.

O MUIÑO

O muiño roula, **roula**.

o muiño é **roulador**:

volta as augas do **regato**

en **murmurio** cantador!

O muiño, roula roula

e non deixa de roular,

e coas augas do regato

o **rodicio** fai cantar!

O muiño é cantador.

O muiño é cantareiro:

volta notas musicais

as **ondiñas** do **regueiro**!

O muiño **moe** e moe,

nunca deixa de moer:

que as ondiñas do regato

con cancións o fan mover!

Etapa: primaria

Contidos curriculares relacionados:

- ferramentas, aparellos e máquinas de uso doméstico.
- as transformacións do medio e das máquinas co paso do tempo.
- o patrimonio histórico, cultural e artístico.
- manifestacións culturais e lingüísticas de Galiza.
- o noso patrimonio natural, histórico e cultural. Os espazos protexidos.
- a auga: aproveitamento enerxético.
- o ciclo da auga.

Actividades:

1. DEBUXAMOS UN MUIÑO.

Esta actividade feita despois da lectura pode servirnos para ter unha idea da imaxe que teñen os nenos/as do muiños (de vento, de auga...). Despois, partindo dos debuxos, podemos iniciar unha conversa que nos servirá para mobilizar os coñecementos previos que teñan os nenos/as a este respecto. Estas son algunhas preguntas que poderían axudarnos neste cometido:

- Que é para vós un muiño?
- Para que serve?
- Alguén sabería explicar o seu funcionamento?
- Como se move?
- De que tipo é o muiño do poema?
- Coñeces algún muiño como o do poema?

2. APRENDEMOS PALABRAS NOVAS

Nesta actividade trátase de aprender o significado das palabras que aparecen en negriña no poema. Podemos utilizar varias estratexias (diccionario, análise do contexto, inferencia...).

Tamén podemos xogar coas palabras novas, buscando sinónimos, antónimos, palabras que soen igual...e ver como queda o poema se o cambiamos por novas palabras.

Exemplo:

O muíño -----

o muíño é -----

volve as augas do -----

3. FACEMOS UN MUÍÑO

Poderíamos facer en plástica unha maqueta dun muíño. Esta actividade sería interesante para entender o funcionamento do muíño. Poderíase facer como actividade individual, grupal o incluso na casa coa familia.

4. VISITAMOS UN MUÍÑO

Na nosa contorna soe haber muíños vellos ou restaurados. En caso de enmarcalo nun proxecto máis amplo (estudo da auga, das fontes de enerxía, das máquinas....) pode ser unha actividade interesante.

O MEU BURRIÑO

Arre, corre,
meu burro trotón,
meu burriño **manso**,
meu burriño bon!

Corre, meu burriño,
Non galopes, voa!
A ver se lle gañas
ao vento que zoa!

Arre, meu burriño,
non seas **perguiceiro**!
A ver se lle gañas
ao vento **lixeiro**...!

Corre, meu burriño,
nos cascos pon **ás**!
Se queres, ao vento
deixarás atrás...!

Arre, meu burriño!
Corre máis deprisa,
que, se perde o vento,

Xa verás que risa...!

Etapa: infantil

Contidos curriculares relacionados:

- animais domésticos
- o medio rural
- fenómenos meteorolóxicos (o vento)

Actividades:



LECTURA DO POEMA

Trataríase de ler o poema sen ler o título. Despois falar cos nenos/as facéndolles preguntas:

- De quen fala o poema?
- Quen compiten na carreira?
- Que título lle poñerías a este poema?
- Como é o burriño?
- Como é o vento?

Logo de identificalo, poderíase animar ao alumnado a facer unha ilustración.

2. DRAMATIZACIÓN

Para isto podemos valernos dalgunha das versións cantadas, como a de Suso Vaamonde, para cantar o poema xestualizando: palmas nas pernas para o galope, aleteo de mans para voar...